

## INFORME

Área intervención

Nº ref.: 15/09/2017

(MLD/mmv)

**Asunto: Análise do cumprimento en orzamento inicial da estabilidade orzamentaria, e do teito de gasto no exercicio 2018**

Mónica Legaspi Díaz, Interventora Xeral da Excm. Deputación Provincial de Ourense, en cumprimento do art.16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria do orzamento de 2018 e do límite de débeda:

### 1.- Normativa aplicable

- Constitución Española de 1978
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola Orden HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

- Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das Comunidades Autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público
- Manual de Cálculo do Déficit Público, adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE

## 2.- Concepto da estabilidade orzamentaria

A Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en adiante LOEOSF) ten como obxecto o establecemento dos principios reitores, que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público orientada á estabilidade orzamentaria e á sustentabilidade financeira, como garantía do crecemento económico sostido e a creación de emprego, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución Española (reformado en setembro do 2011). Este artigo sinala expresamente:

1. *Todas las Administraciones Públicas adecuarán sus actuaciones al principio de estabilidad presupuestaria.*
2. *El Estado y las Comunidades Autónomas no podrán incurrir en un déficit estructural que supere los márgenes establecidos, en su caso, por la Unión Europea para sus Estados Miembros.*

*Una Ley Orgánica fijará el déficit estructural máximo permitido al Estado y a las Comunidades Autónomas, en relación con su producto interior bruto. Las Entidades Locales deberán presentar equilibrio presupuestario.*

...

Según o art. 3 da LO 2/2012 “*la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito subjetivo de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea*”

A LOEOSF define o **principio de estabilidade orzamentaria** como a situación de equilibrio ou superávit estrutural e establece que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais

entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, a LOEOSF esixe o cumprimento da **Regra do Gasto** e o **principio de sustentabilidade financeira**, referida esta última ao volume de débeda pública.

En canto ao principio de sustentabilidade financeira, o artigo 13 da LOEOSF establece o seguinte:

1. *El volumen de deuda pública, definida de acuerdo con el Protocolo sobre Procedimiento de déficit excesivo, del conjunto de Administraciones Públicas no podrá superar el 60 por ciento del Producto Interior Bruto nacional expresado en términos nominales, o el que se establezca por la normativa europea.*

*Este límite se distribuirá de acuerdo con los siguientes porcentajes, expresados en términos nominales del Producto Interior Bruto nacional: 44 por ciento para la Administración Central, 13 por ciento para el conjunto de las Comunidades Autónomas y 3 por ciento para el conjunto de las Corporaciones Locales.....*

2. *La Administración Pública que supere su límite de deuda pública no podrá realizar operaciones de endeudamiento neto.*

.....

5. *La autorización del Estado, o en su caso de las Comunidades Autónomas, a las Corporaciones Locales para realizar operaciones de crédito y emisiones de deuda, en cumplimiento de lo establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tendrá en cuenta el cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública, así como el cumplimiento de los principios y las obligaciones que se derivan de la aplicación de esta Ley.*

No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o artigo 21 da LOEOSF senta a obriga de que a administración incumpridora formule un plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo. O plan económico financeiro elaborado deberá ser presentado ante o Pleno da Corporación no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento, aprobado no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación, e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

O Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais estableceu (artigo 16.2) que “...a *Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.*

*O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.*

*O Interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.*

*Así mesmo, a Intervención da entidade local elevará ao Pleno informe sobre os estados financeiros, unha vez aprobados polo órgano competente, de cada unha das entidades dependentes do artigo 4.2 do presente regulamento.*

*Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno.”*

Para dar cumprimento ao disposto no art. 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, mediante acordo do Consello de Ministros de 03 de xullo de 2017, determináronse os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2018-2020. O obxectivo para as Entidades Locais consiste en obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro ou, por dicilo doutro xeito, que o resultado do indicador capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0,0 en cada anualidade do período considerado.

2018	2019	2020
0,00	0,00	0,00

Canto se expuxo permite formular unha primeira consideración, que se refire á necesidade de avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade Orzamentaria con motivo da aprobación do Orzamento, das Modificacións de Créditos que consistan en créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e da Liquidación do Orzamento das Entidades Locais. Unha segunda consideración, vinculada á expresada, implica interpretar que corresponde aos Servizos da Intervención Local informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao tramitarse o Orzamento, as Modificacións daquel relativas a Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e a súa liquidación.

A tal fin elaborouse, pola Intervención Xeral da Administración do Estado o “Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais” (1ª Edición). Á vista do contido do devandito Manual é necesario efectuar as seguintes consideracións previas:

1ª) Da información documental dispoñible na Intervención Provincial dedúcese que forma parte da “Unidade Institucional” Deputación Provincial de Ourense como entidade dependente, o Organismo Autónomo Local de natureza administrativa: INORDE (Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico) e o Consorcio Provincial de Ourense para o



servizo contra incendios e de salvamento. En aplicación do artigo 4.1 do Real Decreto 1463/2007, os organismos autónomos e entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

2ª) Faise necesario, por tanto, avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para cada unha das Entidades citadas e polo conxunto adecuadamente consolidado.

### **3.- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria para a Deputación Provincial de Ourense, o INORDE e o Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento con motivo da aprobación do orzamento do exercicio 2018**

O obxectivo de estabilidade orzamentaria ven expresado en termos de contabilidade nacional; é dicir, aplícanse os criterios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas (SEC 95). Para determinar o cumprimento deste obxectivo no Orzamento Xeral da Deputación de Ourense de 2018, faise necesario establecer a equivalencia entre o saldo orzamentario por “operacións non financeiras” e o saldo de contabilidade nacional (capítulos I a VII).

Para a realización destes axustes, seguiranse os criterios especificados pola IGAE no "Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais".

Os axustes que se van realizar, como consecuencia das diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, refírense aos seguintes supostos:

## A) INGRESOS:

Axustes a realizar

### Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

(No citado manual establécese que “a capacidade/necesidade de financiación das administracións públicas non pode verse afectada polos importes de impostos e cotizacións sociais cuxa recadación sexa incerta”, polo tanto interpretase que, como para elaborar o orzamento se utilizan como referencia os dereitos recoñecidos e non os recadados en exercicios anteriores, procede facer o axuste que se describe despois sobre os ingresos dos capítulos 1 a 3.)

### DEPUTACIÓN DE OURENSE

Capítulos	a)DR 2016	Recadación 2016		d) Total recadación	e) % recadación
		b) Exercicio corrente	c) Exercicios pechados		
1	4.471.642,48	3.712.913,63	892.030,03	4.604.943,66	102,98%
2	3.915.451,91	3.915.451,91	0,00	3.915.451,91	100,00%
3	4.459.657,81	3.346.315,19	1.567.693,79	4.914.008,98	110,19%

Que aplicado ás previsións do orzamento de 2018 arroxa os seguintes importes de axuste que reducen/aumentan as previsións dos capítulos 1 a 3:

Capítulos	a) Previsións exercicio 2018	% Axuste	Importe axuste
1	4.605.000,00	2,98%	137.276,61

2	4.030.000,00	0,00%	0,00
3	4.458.461,13	10,19%	454.229,25

### INORDE

Capítulos	a) DR 2016	Recadación 2016		d) Total recadación	e)% recadación
		b)Exercicio corrente	c) Exercicios pechados		
1	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
2	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
3	15.706,42	14.602,29	5.172,57	19.774,86	125,90%

Que aplicado ás previsións do orzamento de 2018 arroxa os seguintes importes de axuste que reducen/aumentan as previsións dos capítulos 1 a 3:

Capítulos	a) Previsións exercicio 2018	% Axuste	Importe axuste
1	0,00	-100,00%	0,00
2	0,00	-100,00%	0,00
3	12.020,00	25,90%	3.113,55

### CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS



Capítulos	a) DR 2016*	Recadación 2016		d) Total recadación	e)% recadación
		b)Exercicio corrente	c)Exercicios pechados		
1	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
2	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
3	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%

Que aplicado ás previsións do orzamento de 2018 arroxa os seguintes importes de axuste que reducen/aumentan as previsións dos capítulos 1 a 3:

Capítulos	a) Previsións exercicio 2018	% Axuste	Importe axuste
1	0,00	-100,00%	0,00
2	0,00	-100,00%	0,00
3	18.500,00	-100,00%	-18.500,00

Hai que ter en conta que os datos de referencia refírense á metade do exercicio, dado que o Consorcio comezou o seu funcionamento o 1 de xullo de 2016.

### Capítulo 5 do Estado de Ingresos.

En contabilidade nacional rexe o principio de devengo, polo tanto, a fin de exercicio deberán incorporarse os intereses explícitos devengados no exercicio, tanto os vencidos como os non vencidos. Efectuarase un axuste pola diferenza entre os dereitos recoñecidos no orzamento e os intereses devindicados, de xeito que este axuste será positivo se o importe dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe devindicados, e un axuste negativo en caso contrario. No caso particular da Deputación Provincial de Ourense, e de acordo co principio de importancia relativa, os xuros devindicados a favor da Deputación por depósitos en contas bancarias con

un importe significativo son os devindicados nas entidades financeiras. Os vencementos dos mesmos son trimestrais aboándose e imputándose ó orzamento de ingresos o derradeiro día do trimestre natural, polo que non é preciso realizar axuste ningún ó coincidir os importes devindicados en cada exercicio cos importes imputados orzamentariamente.

## B) GASTOS

### Axuste por grado de execución do gasto:

*A "Guía para a Determinación da Regra de Gasto (2ª edición)" establece que "o porcentaxe estimado do grao de execución do orzamento do ano n terá, como límite, superior ou inferior, a media aritmética dos porcentaxes do grao de execución dos créditos por operacións non financeiras do Orzamento de Gastos dos tres exercicios anteriores, unha vez eliminados valores atípicos".*

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

<b>Exercicio 2014</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Obrigas recoñecidas</b>	<b>% execución</b>
<b>Total</b>	<b>66.909.001,01</b>	<b>59.504.340,28</b>	<b>-0,11</b>
<b>Exercicio 2015</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Obrigas recoñecidas</b>	<b>% execución</b>
<b>Total</b>	<b>71.118.025,65</b>	<b>66.716.894,62</b>	<b>-0,06</b>
<b>Exercicio 2016</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Obrigas recoñecidas</b>	<b>% execución</b>
<b>Total</b>	<b>74.596.610,07</b>	<b>73.974.955,20</b>	<b>-0,01</b>

Da media dos tres últimos exercicios, considerando a execución dos créditos iniciais, descontando os gastos financeiros non agregables, resulta a porcentaxe de execución de gastos non financeiros do -0,06 % que aplicado ás previsións do orzamento de 2018 arroxa o importe de 4.776.608,52 euros a minorar os empregos non financeiros.

## INORDE

Exercicio 2014	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
<b>Total</b>	1.509.212,88	1.967.736,13	0,30
Exercicio 2015	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
<b>Total</b>	3.118.606,00	1.918.902,12	-0,38
Exercicio 2016	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
<b>Total</b>	3.407.000,00	2.227.620,01	-0,35

Da media dos tres últimos exercicios, considerando a execución dos créditos iniciais, descontando os gastos financeiros non agregables, resulta o porcentaxe de execución de gastos non financeiros do -0,14 % que aplicado ás previsións do orzamento de 2018 arroxa o importe de 275.684,77 euros a minorar os empregos non financeiros.

## CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS

Exercicio 2014	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
<b>Total</b>	0,00	0,00	0,00
Exercicio 2015	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
<b>Total</b>	0,00	0,00	0,00
Exercicio 2016	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución

<b>Total</b>	1.006.000,00	949.597,70	-0,06
--------------	--------------	------------	-------

Da media dos tres últimos exercicios, considerando a execución dos créditos iniciais, descontando os gastos financeiros non agregables, resulta o porcentaxe de execución de gastos non financeiros do -0,02 % que aplicado ás previsións do orzamento de 2018 arroxa o importe de 77.885,42 euros a minorar os empregos non financeiros.

#### **Axustes por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.**

Estes son os gastos recollidos na conta 413 no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar a 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ó longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos minóranlo, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven a incrementalo mediante a súa aplicación ao orzamento, polo que debe compensarse esta dobre imputación aumentando o superávit.

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes orzamentados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, arroxa capacidade de financiación no orzamento da Deputación Provincial, no orzamento do INORDE e no do Consorcio provincial contra incendios:

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII orzamento corrente	80.407.000,00

b) Créditos previstos capítulos I a VII orzamento corrente	79.238.132,93
<b>c) TOTAL (a – b)</b>	<b>1.168.867,07</b>
<b>AXUSTES</b>	
1) Axustes recadación capítulo 1	137.276,61
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
3) Axustes recadación capítulo 3	454.229,25
4) Axuste por liquidación PIE-2008	0,00
5) Axuste por liquidación PIE-2009	0,00
6) Axuste por liquidación PIE-2011	0,00
7) Axuste por devengo de intereses	0,00
8) Axuste por Grao de execución do Orzamento	4.776.608,52
9) Axuste por arrendamento financeiro	0,00
10) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00
11) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar ao orzamento	0,00
<b>d) Total axustes orzamento 2018</b>	<b>5.368.114,39</b>

e) Axuste por operacións internas*	
f) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN(c + d + e)	6.536.981,46

#### INORDE

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII orzamento corrente	1.936.714,00
b) Créditos previstos capítulos I a VII orzamento corrente	1.936.714,00
c) TOTAL (a – b)	0,00
<b>AXUSTES</b>	
1) Axustes recadación capítulo 1	0,00
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
3) Axustes recadación capítulo 3	3.113,55
4) Axuste por liquidación PIE-2008	0,00
5) Axuste por liquidación PIE-2009	0,00
6) Axuste por liquidación PIE-2011	0,00

7) Axuste por devengo de intereses	0,00
8) Axuste por Grao de execución do Orzamento	275.684,77
9) Axuste por arrendamento financeiro	0,00
10) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00
11) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar ao orzamento	0,00
d) Total axustes orzamento 2018	278.798,31
e) Axuste por operacións internas*	
f) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN(c + d + e)	278.798,31

#### CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII orzamento corrente	4.168.028,70
b) Créditos previstos capítulos I a VII orzamento corrente	4.168.028,70
c) TOTAL (a – b)	0,00
AXUSTES	

1) Axustes recadación capítulo 1	0,00
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
3) Axustes recadación capítulo 3	-18.500,00
4) Axuste por liquidación PIE-2008	0,00
5) Axuste por liquidación PIE-2009	0,00
6) Axuste por liquidación PIE-2011	0,00
7) Axuste por devengo de intereses	0,00
8) Axuste por Grao de execución do Orzamento	77.885,42
9) Axuste por arrendamento financeiro	0,00
10) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00
11) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar ao orzamento	0,00
d) Total axustes orzamento 2018	59.385,42
e) Axuste por operacións internas*	
f) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN(c + d + e)	59.385,42



A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do Orzamento Xeral da Entidade Local (CONSOLIDADO), presenta o seguinte resultado:

Operacións non financeiras. Capítulos.	Deputación €	INORDE €	Consortio Provincial contra incendios	Operacións internas €	Consolidado €
<b>Ingresos correntes.</b>					
1. Impostos directos	4.605.000,00	---	-----	---	4.605.000,00
2. Impostos indirectos	4.030.000,00	---	-----	---	4.030.000,00
3. Taxas, prezos pub.e outros	4.458.461,13	12.020,00	18.500,00	---	4.488.981,13
4. Transferencias correntes	66.182.047,37	1.860.920,00	4.149.528,70	-3.199.750,00	68.992.746,07
5. Ingresos patrimoniais	219.511,75	12.824,00		---	232.335,75
<b>Total recursos correntes (1)</b>	<b>79.495.020,25</b>	<b>1.885.764,00</b>	<b>4.168.028,70</b>	<b>-3.199.750,00</b>	<b>82.349.062,95</b>
<b>Gastos correntes</b>					
1. Gastos de persoal	31.798.524,56	933.911,70	116.920,00	---	32.849.356,26
2. Gastos corr. bens e servizos	18.923.476,00	423.320,90	3.679.008,70	---	23.025.805,60
3. Gastos financeiros.	17.962,75	-----	500,00	---	18.462,75
4. Transferencias correntes	13.213.768,95	499.500,00	-----	-3.199.750,00	10.513.518,95
5. Fondo de continxencia	10.000,00		-----		10.000,00
<b>Total destinos correntes (2)</b>	<b>63.963.732,26</b>	<b>1.856.732,60</b>	<b>3.796.428,70</b>	<b>-3.199.750,00</b>	<b>66.417.143,56</b>
<b>AFORRO BRUTO (1-2)</b>				<b>0,00</b>	
	<b>15.531.287,99</b>	<b>29.031,40</b>	<b>371.600,00</b>		<b>15.931.919,39</b>
<b>Ingresos de capital</b>					
6. Alleam. investimentos reais	21.000,00	---	-----	---	21.000,00

7.Transferencias de capital	890.979,75	50.950,00	-----	----	941.929,75
<b>Total recursos de capital (3)</b>	<b>911.979,75</b>	<b>50.950,00</b>	<b>0,00</b>	----	<b>962.929,75</b>
<b>Gastos de capital</b>					
6. Inversiones reais	14.610.872,47	79.981,40	371.600,00	---	15.062.453,87
7. Transferencias de capital	663.528,20	----	-----	----	663.528,20
<b>Total destinos de capital (4)</b>	<b>15.274.400,67</b>	<b>79.981,40</b>	<b>371.600,00</b>	----	<b>15.725.982,07</b>
<b>CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO (1+3-2-4)</b>	<b>1.168.867,07</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.168.867,07</b>
<b>AXUSTES (SEC 95)</b>	<b>5.368.114,39</b>	<b>278.798,31</b>	<b>59.385,42</b>		5.706.298,12
Gastos	4.776.608,52	275.684,77	77.885,42		5.130.178,71
Ingresos	591.505,86	3.113,55	-18.500,00		576.119,41
<b>CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO DESPOIS DE AXUSTES</b>	<b>6.536.981,46</b>	<b>278.798,31</b>	<b>59.385,42</b>		<b>6.875.165,19</b>

Da comparación das previsións dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos, e dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos do conxunto da entidade local en termos consolidados, despois dos axustes vistos anteriormente, resulta un superávit orzamentario de 6.875.165,19 euros en termos de capacidade de financiación.

A financiación dispoñible permite, en consecuencia, un marxe de 6.875.165,19 euros, do que se deduce o cumprimento por parte desta Deputación en termos consolidados do obxectivo de

estabilidade orzamentaria concretado a través do déficit "cero" para os Orzamentos das Corporacións Locais durante o período 2018- 2020.

### 5. Límite de gasto non financeiro: Teito de gasto.

O artigo 30 da LOEOSF esixe ás entidades locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Neste sentido establece que as entidades locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria (0% de déficit para 2018-2020) e a regra de gasto (2,4 %, 2,7% y 2,8% respectivamente), que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Non se establece prazo para a súa aprobación, nin cal é o órgano competente para elo. Tampouco se dispón na Orden Ministerial a obriga de remisión de información sobre o teito de gasto.

### DEPUTACIÓN

#### A) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria

Partindo das previsións de ingresos e gastos non financeiros para o Orzamento de 2018, obtemos os seguintes datos:

Capítulos 1 a 7 de Gastos	79.238.132,93
Axustes SEC gastos	-4.776.608,52
<b>Gastos non financeiros Axustados</b>	<b>74.461.524,41</b>

<b>Capítulos 1 a 7 de Ingresos</b>	<b>80.407.000,00</b>
------------------------------------	----------------------

Axustes SEC ingresos	591.505,86
Ingresos non financeiros Axustados	80.998.505,86
Verificación cumprimento obxectivo estabilidade	6.536.981,46

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en termos orzamentarios, engadimos o superávit así calculado aos gastos considerados:

Teito de gasto non financeiro en equilibrio:	85.775.114,39
----------------------------------------------	---------------

B) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de Regra de Gasto

Pártese da estimación de liquidación do exercicio 2017 calculada con motivo da remisión de información correspondente ás liñas fundamentais do orzamento de 2018:

Límite da Regra de Gasto liquidación 2017	IMPORTE
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	72.500.000,00
2. Axustes SEC (2017)	-18.000,00
<b>3. Total empregos non financeiros termos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)</b>	72.482.000,00
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	-3.069.750,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	-633.278,78
<b>6. Total Gasto computable do exercicio</b>	68.778.971,22
7. Taxa de variación do gasto computable 2017 (6 x2,4%)	1.650.695,31
8. Incrementos de recadación (2017) (+)	0,00
9. Diminucións de recadación (2017) (-)	0,00

10. Límite da Regra de Gasto 2017 = 6+7+8-9	70.429.666,53
---------------------------------------------	---------------

Para o cálculo do límite de gastos non financeiros, que se expresa en termos orzamentarios, engádense:

Gasto do capítulo 3º non agregado en 2018	17.962,75
Gasto financiado con fondos finalistas en 2018	1.140.000,00
Axustes SEC gastos	-18.000,00
Límite de gasto non financeiro coherente coa Regra de Gasto	71.569.629,28

O **teito de gastos** non financeiros é o menor dos dous importes determinados: o de cumprimento de estabilidade orzamentaria e o de cumprimento da regra do gasto. Polo tanto, o límite máximo de gasto non financeiro da Deputación Provincial de Ourense ascende a 71.569.629,28 euros. Dado que os gastos non financeiros do orzamento do exercicio 2018 ascenden a 79.238.132,93euros, esta Entidade Local **incumpre co límite de gasto non financeiro** previsto no artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

<b>LÍM.GASTO NON FINANCIERO</b>	<b>71.569.629,28</b>
Límite Gasto non financ / partindo de Regra de Gasto	71.569.629,28
Límite Gasto no financ /Cálculos Estabilidade orzament..	85.775.114,39
Gastos non financeiros orzamento exercicio	79.238.132,93

## INORDE

A) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria

Partindo das previsións de ingresos e gastos non financeiros para o Orzamento de 2018, obtemos os seguintes datos:

Capítulos 1 a 7 de Gastos	1.936.714,00
Axustes SEC gastos	-275.684,77
Gastos non financeiros Axustados	1.661.029,23

Capítulos 1 a 7 de Ingresos	1.936.714,00
Axustes SEC ingresos	3.113,55
Ingresos non financeiros Axustados	1.939.827,55
Verificación cumprimento obxectivo estabilidade	278.798,31

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en termos orzamentarios, engadimos o déficit así calculado aos gastos considerados:

Teito de gasto non financeiro en equilibrio:	2.215.512,31
----------------------------------------------	--------------

B) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de Regra de Gasto

Pártese da estimación de liquidación do exercicio 2017 calculada con motivo da remisión de información correspondente ao 2º Trimestre de 2017

Límite da Regra de Gasto liquidación 2017	IMPORTES
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	2.040.000,00
2. Axustes SEC (2017)	0,00
3. Total empregos non financeiros termos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)	2.040.000,00

4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	-221.384,00
6. Total Gasto computable do exercicio	1.818.616,00
7. Taxa de variación do gasto computable 2017 (6 x2,4%)	43.646,78
8. Incrementos de recadación (2017) (+)	0,00
9. Diminucións de recadación (2017) (-)	0,00
10. Límite da Regra de Gasto 2017 = 6+7+8-9	1.862.262,78

Para o cálculo do límite de gastos non financeiros, que se expresa en termos orzamentarios, engádense:

Gasto do capítulo 3º non agregado en 2018	0,00
Gasto financiado con fondos finalistas en 2018	131.859,00
Axustes SEC gastos	0,00
Límite de gasto non financeiro coherente coa Regra de Gasto	1.994.121,78

O **teito de gastos** non financeiros é o menor dos dous importes determinados: o de cumprimento de estabilidade orzamentaria e o de cumprimento da regra do gasto. Polo tanto, o límite máximo de gasto non financeiro do INORDE ascende a 1.994.121,78 euros. Dado que os gastos non financeiros do orzamento do exercicio 2018 ascenden a 1.936.714,00 euros, este Organismo Autónomo **cumpre co límite de gasto non financeiro** previsto no artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

<b>LÍM.GASTO NON FINANCEIRO</b>	<b>1.994.121,78</b>
Límite Gasto non financ / partindo de Regra de Gasto	1.994.121,78

Límite Gasto no financ /Cálculos Estabilidade orzament..	2.215.512,31
Gastos non financeiros orzamento exercicio	1.936.714,00

### CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO

#### A) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria

Partindo das previsións de ingresos e gastos non financeiros para o Orzamento de 2018, obtemos os seguintes datos:

<b>Capítulos 1 a 7 de Gastos</b>	4.168.028,70
<b>Axustes SEC gastos</b>	-77.885,42
<b>Gastos non financeiros Axustados</b>	<b>4.090.143,28</b>

<b>Capítulos 1 a 7 de Ingresos</b>	4.168.028,70
<b>Axustes SEC ingresos</b>	-18.500,00
<b>Ingresos non financeiros Axustados</b>	4.149.528,70
<b>Verificación cumprimento obxectivo estabilidade</b>	<b>59.385,42</b>

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en termos orzamentarios, engadimos o déficit así calculado aos gastos considerados:

<b>Teito de gasto non financeiro en equilibrio:</b>	<b>4.227.414,12</b>
-----------------------------------------------------	---------------------



B) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de Regra de Gasto

Pátese da estimación de liquidación do exercicio 2017 calculada con motivo da remisión de información correspondente ao 2º Trimestre de 2017

Límite da Regra de Gasto liquidación 2017	IMPORTES
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	4.216.000,00
2. Axustes SEC (2017)	0,00
3. Total empregos non financeiros termos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)	4.216.000,00
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	0,00
6. Total Gasto computable do exercicio	4.216.000,00
7. Taxa de variación do gasto computable 2017 (6 x2,4%)	101.184,00
8. Incrementos de recadación (2017) (+)	0,00
9. Diminucións de recadación (2017) (-)	0,00
10. Límite da Regra de Gasto 2017 = 6+7+8-9	4.317.184,00

Para o cálculo do límite de gastos non financeiros, que se expresa en termos orzamentarios, engádense:

Gasto do capítulo 3º non agregado en 2018	500,00
Gasto financiado con fondos finalistas en 2018	0,00
Axustes SEC gastos	0,00
Límite de gasto non financeiro coherente coa Regra de Gasto	4.317.684,00

O **teito de gastos** non financeiros é o menor dos dous importes determinados: o de cumprimento de estabilidade orzamentaria e o de cumprimento da regra do gasto. Polo tanto, o límite máximo de gasto non financeiro do Consorcio Provincial de Incendios ascende a 4.227.414,12 euros. Dado que os gastos non financeiros do orzamento do exercicio 2018 ascenden a 4.168.028,70 euros, este Organismo Autónomo **cumpre co límite de gasto non financeiro** previsto no artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

<b>LÍM.GASTO NON FINANCEIRO</b>	<b>4.227.414,12</b>
Límite Gasto non financ / partindo de Regra de Gasto	4.317.684,00
Límite Gasto no financ /Cálculos Estabilidade orzament..	4.227.414,12
Gastos non financeiros orzamento exercicio	4.168.028,70

## 5. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

O artigo 13 da LOEPSF establece a obriga de non rebasar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,7%, 2,6 % e 2,5 % do PIB para o exercicio 2018, 2019 e 2020 respectivamente.

Para a Administración Local non se determinou o PIB para o cálculo en termos de ingresos non financeiros, por tanto resultan de aplicación os límites que establecía o artigo 53 do TRLHL e que é obxecto de estudio no Informe de Intervención en canto ao exame do Nivel de Endebemento da Deputación Provincial.

O volume de débeda viva a 31/12/2017, en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes é de 15,04 %.

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do TRLHL, e por debaixo do límite que estableceu o Real Decreto Lei 8/2010, modificado polo Real Decreto Lei 20/2011 e que foi dotada de vixencia indefinida pola DF 31ª de la Lei 17/2012 de 27 de decembro, da Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2013, do 75% dos ingresos correntes.

## 6. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación. Para as Corporacións locais cúmprese a Regra de Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Producto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, o 03 de xullo de 2017, o Consello de Ministros aprobou, xunto aos obxectivos de déficit público (0%) e de débeda pública (2,7; 2,6 e 2,5 % do PIB) para o período 2018-2020, a regra de gasto para os orzamentos do 2018, 2019 e 2020, esto é, 2,4%, 2,7% e 2,8% respectivamente.

Por outro lado, a Orde Ministerial HAP/2105/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, publicada no BOE o pasado día 8 de novembro, **suprimiu** respecto ao cumprimento da regra de gasto, o Informe de Intervención antes do 31 de xaneiro de cada ano, de avaliación do cumprimento da regra de gasto coa remisión do **orzamento aprobado**, e establece que deberá efectuarse unha “valoración” trimestral da regra de gasto en fase de execución referida a 31 de decembro

(artigo 16.4 da Orde) e unha avaliación final do cumprimento da regra de gasto na liquidación do orzamento (artigo 15.4.e).

## 7. CONCLUSIÓNS

**A.-** O proxecto de orzamento do exercicio 2018 da Deputación Provincial de Ourense **en termos consolidados** axustase ó principio de estabilidade orzamentaria, producíndose unha **situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación** de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Deste informe darase conta ao Pleno da Corporación e traslado ao órgano da Administración autonómica que exerce a tutela financeira segundo o previsto no art. 22.2 RD 1463/2007 polo que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

**B.-** O proxecto de orzamento do exercicio 2018 da Deputación Provincial de Ourense **en termos consolidados non cumpre co teito de gasto non financeiro.**

**C.-** O resultado da avaliación do Obxectivo de Límite de Débeda no proxecto de Orzamento Xeral da Entidade do Exercicio **2018** ascende a **15,04 %** dos ingresos correntes liquidados.

Resultado da avaliación: **CUMPRE** O OBXETIVO DE LIMITE DA DÉBEDA

Este é o informe que en cumprimento do imperativo legal se emite, sen perxuízo de calquer outro mellor fundado en dereito.

Ourense, a 15 de setembro de 2017

A interventora Xeral

Mónica Legaspi Díaz